

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 ets.

Coste d'un número 10 »

Fora, » 50 »

América 2 pts. trimestre

Pagos adelantados

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Número 25

A CRUÑA 20 DE XULIO DE 1917

FILOSOFÍA LABREGA, por Castelao



FERRER · CORUÑA

—¡Lástema de bois!...

A NOSA FACULTADE DE FILOSOFÍA

FALOUSE moitas veces nos derradeiros tempos da creazón d'unha facultade de Filosofía en Santiago. Sen dúbida é isto iusto, justísimo, dada a importancia qu'a Galicia ten. Mais verdadeiramente e ben pensado, non debemos esperar d'outros o que é noso, nen facer unha facultade mais de Filosofía somellante ás outras que hachamos nas Universidades de España, ja que están chamadas a transformarse. O noso derejo debe ser, ja que non podemos crear unha nova Universidade inteira, facer unha nova facultade de Filosofía moderna e europeia. N'isto estaría a honra da nosa Galicia. Vejamos pois o que meu proyeito quèr dicir e concretamos as nosas acucias.

À Universidade corresponde a formazón profesional superior (aparte da súa misión xeral educadora). Motivos condicionados pol-a historia fan que à Universidade non lle corresponda hoje canto debía corresponderlle (por eso a Ingeniería). Mas isto non fai ó caso. A carreira d'un home pode ser ou unha técnica, aplicar o saber, intervir no mundo da natureza ou do espírito coñecendo as súas leis (medicina, dereito, albeitaría, química industrial, etc., etc.), ou o investigar mesmo e pol-o tanto a produción da ciencia (profesión d'investigador). À facultade Universitaria que traballa na ciencia pura (matemática, física, química, ciencias descritivas da natureza, filoloxía, historia, filosofía, etcétera), que se ocupa da pura investigación chamámolle facultade de Filosofía (lembrándonos n'isto do antigo termo grego Filosofía). Non facemos nada novo pois así se nomea na Alemaña. A dita facultade comprendería as dúas nosas de ciencias e de letras que son tamén ciencias.

Diráseme porqué juntar as dúas facultades d'estudos tan pouco somellantes. Responderéi: para que poidanse crear grupos homogéneos d'estudo e deixar ó estudante unha máxima liberdade precisa en toda evolución mental. No día d'hoje nada de ditos grupos existe. Un geógrafo nen sabe geología, nin comprende de feito, unha palabra d'Antropología, nin de ciencias naturáls! Seu estudo é sómente literario; é dicir non é un geógrafo. Un filósofo non pode ser, da mesma maneira, mais qu'un retórico ja que sendo a Filosofía a reflexon sob' o saber e a vida ignora toda ciencia (e as mais das veces a vida!) E... etcétera etcétera! Por outra parte toda educación filosófica falta ó físico, ó naturalista, etc., de maneira que as súas produccións serán sempre probes e limitadas. Tod'outra cousa sucede co sistema alemán ou francés, donde o alumno elixe libremente unhas cantas asigna-

turas en que traballa desde o punto de vista d'unha especialidade n'os anos da súa vida na Universidade.

Na facultade de Filosofía, o examen será único: una proba derradeira que nos deixe saber si o estudante é capaz de ser un investigador. Isto non pode demostrarse mais qu'investigando e mostrando que se coñecen os meios precisos d'investigazón para ilo e non recitando (sistema d'hoje) asignaturas! Para dito examen faría falla ter feito un traballo sob' un tema d'unha das asignaturas (tese) e coñecer os meios d'investigazón e fundamentos das asignaturas do grupo. Podería iste considerarse composto de tres asignaturas, un capital, a da tese, e dúas acesorias, afis à primeira (sistema alemán ou francés). Ao título así conseguido chamariámolle: doctorado (título d'investigazón).

A facultade de Filosofía cumpre aínda outra misión: a de formar ós mestres secundarios e universitarios. Hoje nada se fai na

España pol-a preparazón do profesorado e unha misión tan trascendental exige que teñamos algún interese por ela. Precísase pois organizar a formazón pedagógica dos mestres como se fai nas Universidades d'Europa. O que fai falla son cursos de estudos, traballos prácticos, etc. Ao fin d'istes anos de labor obterá o candidato ó profesorado o título de licenciado (título pedagógico; licenciatura).

Iste é en resumen meu plan d'unha facultade de Filosofía nova, forte, cheia de saúde, sen verbalismo nen pedantería. Esta facultade, no canto de encher o país de titulados inútiles chegaría a ser a gloria da Galicia e a súa riqueza. Debe ser nosa, moi nosa, organizada e mantida pol-o estado rexional. Diñeiro? O seu presuposto sería ben baixo moito mais baixo qu'os das actuáns facultades. Na España mais que falla de diñeiro hai falla d'aministración.

JOHAN VIQUEIRA.

Catedrático do Instituto de Santiago.

N. da 'R.—Por respeto ó autor conserva-mol-a ortografía qu'emprega nos orixinaes.

OUTRO BOTONCIÑO DE MOSTRA

O REXIONALISMO ASTUR

Ovizconde de Campogrande, fíxolle en Oviedo as seguintes declaracións a un xornalista catalán: «O rexionalismo astur non é separatista: aborrece o centralismo abafante e quere pra cada rexión a independencia precisa, axeitada ó seu sere.

Escomenzamos a porpoganda onte, e xa temos intervención en moitos Auntamentos. Constituíronse 63 comités, e vimos facendo o programa pra intensificare logo a porpoganda. O rexionalismo catalán percisou cinco anos de traballo pra xurdir como forza política; a nós abondounos unha ducia de meses. Hastra na cuenca mineira síntese fondamente a nosa idea.

...Non nos contentaremos con autuar de fora. Arelamos moito mais. O que poderíamos facer veráse axiña, tendo en conta a labore dos rexionalistas catalás, que en pequeno número pro con moita vountade opunéronse a que realizáranse práns que xugaban ruíns pr'á súa rexión. Pois si sómente quince homes levados d'ise ideial, conseguiron estorbare ditos práns ministeriaes ¿cánto poderían facer 89 ou 100 deputados rexionalistas? E ilo é ben hazoso, con soyo enviare ás Cortes catro ou cinco deputados, Asturias, Valencia, Galicia, Basconia, etc.

...Os asturiáns soyo no seu país teñen de pensare, xa que non en balde os outos montes nos separan de Castela. O crima, produccións, carauter e costumes, todo é diferente do das outras rexións de mais aló de

Pallares. ¿Cómo, pois, han sere iguales as leises sendo somellantes pra territorios tan diversos, pra necesidades tan distintas?

Fáganse Estados confederados, unha Asturias, coma xa foi, con todol-os seus dereitos, rexida por si mesma. Unha confederación é Alemaña, e móstrase forte e unida. Fortes son os Estados Unidos e Austria e Suiza. Soyo pol-a libertade das rexións poderáse chegar a unha España grande. Non esquezamos que o remate da guerra ten d'influire en todo...»

¿Non vedes, lectores? Todol-os rexionalistas, que son rexionalistas, pensan coma nós. E ninguén pensa coma Picorete. Picorete non fai senon amostrare o valeiro do seu miolo e o arrillismo de que está cheo seu corazón. Xa veremos cantos parvos ríndense á súa megalomanía. ¿Candó o vello partido liberal fica na maor pobreza, cheirando com'un cadavre—que dixo Calbetón—un insignificante membro d'ise partido, Picorete intenta rexenerarnos! ¡Malpocado!...

Querer facer enxebrismo dentro do castelan, é parvada tan ausurdá coma pertender encher d'auga un paxe de vimbríos. Soyo os iñorantes, os imbéciles e os labercos poden chamárese rexionalistas arrenegando do idioma galego.

CRITICA MIUDA

por A. VALCARGEL

ELADIO RÓDRIGUEZ GONZÁLEZ.

Por qué unhas cousas nos lembran outras? Quizáis nol-o espicara de perfecto modo, o poeta de «Correspondencias», o inmenso Baudelaire... ¿Por qué as persoas despertan en nós o recordo de cousas? N-o sei; pro, eu razono á miña maneira: todo o vemos ó través de unhos ollos choidos n-un estreito cárcere: ollos da carne, lanternas da materia, fulxen en van pra contemplaren almas, e, obedentes ó costume de miraren cousas, máis antes despertan un recordo de elhas, que acenden unha visión perfecta... Tal ves por obra de iste mecanismo interior, eu, sempre que hacho un home modesto, e comprobo unha especie de lei psicolóxica que afiancéi na vida mesma, lei que establece que o espírito honestamente silencioso é o que máis ten que decire, como a flor, que cando está carregada de semente, menos aroma espárese pro máis mérito que nunca ten pra a vida, sin sabere por qué me acordo de aquelas moradas de séres mariños, que parecen silenciosas e mortas, e que, acercándoas a nós, resoan c-un grave e apagado son, como si encerrasen n-as suas entranas os ecos das bravas melodías dos mares.

Conocedes á Eladio Rodríguez González... Se os antoxa que é un nobre home. O rostro lle irradia bondade, e a testa lle contradí o rostro: éste é sereio, apacibre, exquisitamente modesto; a sua testa é sereia tamén, pro altiva, co-a altivés da caixa que garda unha xoia; é enérxica, quizáis rebelde... Xa tratades á Eladio Rodríguez; xa sodes amigos de él... Aquél rostro sigue contradecindo á aquela testa... Pro, algo máis sabedes... Oídes falar á iste home bondadoso, apagado, modestísimo, e vos convencedes de que as suas frases vos dan o grave asordinado son do que Rodríguez González sinte latexar moitas veces, de cote, n-o seu espírito: o aletexo da inspiración, máis sonoro que as solenes melodías da natureza... E lèdes o que Eladio Rodríguez escribe, e ollades demostrado o voso acerto: é un poeta descritore maravilloso, que non refrexa, sinon que retrata o que viu co-a sua alma aberta como a xenerosidade. E así, despóis de aquel hachádego n-a vida, c-un home que vos inspirou confianza e fraternidade, chegades por grados, que son sólidos escalóns, á ensalzarvos hastra o gratísimo deleite de poseer a amizade de un escritore notabrisimo, e, como mín, acabades por descíredes: ¿por qué as persoas evocan en nós, recordos de cousas; ¿por qué o espiri-

to ten de sere tan mezquino, que necesite de andamiages de comparacións?... E, como mín tamén, razonades; a sinxelés e a máis complicada cousa pra os espíritos, porque ístos, afeitos a odiaren por egoista nugalla, o análisis, son, sin dárense conta, adoradores das síntesis alleas... Os dobregamentos ante as famas sonoras, non son outra cousa que nutrición do xuicio, con síntesis que nos dan feitas... As almas primitivas se instruyen por medio da tradición que, de este modo, ven ser vehículo e sostén dos prestixios rayáns en fetichismo... O espírito vulgar, non sei si por obra do moderno ou por propia natureza, é devoto do alimento sintético: chega cabo de íl un home analizabre; se non toma o traballo de probal-o... O espírito ten medo das dixestións laboriosas... Adquire a noción de un renome: deglútea como unha píldora e... satisfetísimo... ¿Qué importa que o criterio se haxa envenenado c'un engano! ¿E tan cómodo non analizare, non dixerire!...

O que acabo de eispoñere, non significa que Eladio Rodríguez González non seña un prestixio madureito: o é, pro a costa de mais silencios alleos que outro home estridente e van, pégoeizo de sí mesmo e adorador dos reposteiros da «opinión»... Mellor pra íl; porque de ista sorte o poeta orensán, o autor de un luminoso libro que axiña lèredes, «Terra a miña», non ten unha fama de bisutería...

Eu admiro á Rodríguez González, como todo o que tratá-lo e conoçel-o poido. Eu contemplo-o envolteito n-as irradiacións do meu mesmo espírito: Eladio Rodríguez faine ollar rediviva aquela frente sereia que foi morada miña cando todo eu era pensamento en alguén que hoxe soio e dôr en mín, n a priguizeira, imposible cicatrización de unha gran ferida da miña alma.

Eladio Rodríguez é un home-recordo. Cando o oídes falar vos acordades do poeta; cando lèdes os seus versos pulidos, soaves, se vos acende a lembranza do home sereio, bondadoso, modesto... ¡Ditosos os homes que de cote alimentan o recordo de íles, nos demáis! Son íntimos, son consubstanciaes en todol-os espíritos. Vos non deslumarán; pro, non morrerán xamás na vosa memoria... Vos non cegarán c'un resprandor e de fogo fátuo; mais, nunca se apagarán en vosoutros.

(Traducido de *La Región* xornal orensán.)

Santiagueses:

Si ainda latexa nas vosas almas o agarimo á terra, si sodes bôs galegos e non tedes o nome de Galicia por un paxe d'estrume, non consintades que Lope de Haro, o autor do libro «Los nietos de los celtas», no que nos pon á outura d'un pobo salvaxe, fale na inaugurazón do moimento a Rosalía.

Sede barudos, rexos, que berre en vós a concenza galega, i-evitade ise novo aldraxe do manchego, no qu'envolveita vai a afirmazón da nosa des-cultura por non enxerguel-o, ou a da nosa afeminazón por consentil-o.

MIÑAS ANDANZAS

O NOSO APOSTOLADO

Para o meu gran amigo Xaime Quintanilla: Médico e poeta.

N-un un dos meus recentes viaxes por Galicia adiante, por ista edénica terra tan fermosa e pintoresca, como desconocida, pois ben poidera decirse que está ignorada principalmente dos seus mesmos fillos acontecéume que indo n-un coche de terceira desde Orense a Vigo viaxaban n-aquel tren e n-o mesmo coche hasta cinco moçtons portuxeses cegos uns e inválidos os restantes, músicos trashumantes de esos que por temporadas aparecen n-as nosas cibdades e «fan» música n-as rúas, ó ar libre.

Tocan xeneralmente instrumentos de cor-

da e si non son excelentes artistas, teñen un gusto e un sentido do diviño arte, bastante cultivado.

E así andan d'unha parte á outra, implorando por este «delicado» medio a caridade pública.

Cheo de xente iba o tren e o noso coche, atestado.

Preto de Redondela, de supeto, nos obsequian os andariegos artistas c'unha música eisótica e deleitosa.

Luaban máxicamente as cordas de aqueles instrumentos obedentes ás mans sabias que as pulsaban, e aquela orquesta, ó tempo que amenizaba o noso viaxe, era unha banda de doces notas, d'armonías diviñales e acompasados sones que se dispersaban ó

correr d'o tren por os campos lumiosos e xoyantes.

Rematado que houberon a extrana peza, comenzaron outra (uns *fados*) e á seguida fixeron por todo o vagón unha mui regular colecta, pois todo-los viaxeiros botamos uns cobres n-o platillo que a man mendicante ofrecía...

Cando correspondeume á min contribuíre co meu óbolo, ô tempo de sacare os diñeiros, en voz outa, pra que todol-os presentes poideran escoitala, dixenle ô torto que tendía e me mostraba o plato:

—¡Vela ahí vai! E estoutro para que toquen vostedes unha muiñeira e outros aires d'a terra.

Respetoso e agradecido contestóume con un «lo que V. guste» e acercándose ôs

seus compañeiros lles dixo non séi qué verbas. O púbrico puxo as suas miradas en mín.

O tren bulía trunfador baixo os ouros d'o sol, n-aquela hora matinal chea d'a fragancia d'os campos verdecidos.

Despóis de previos afinamentos, os cegos empezaron a tocar a nosa muiñeira.

Os viaxeiros miráronme outra vez e eu, dirixíndome a todos eles, dixerun:

—¡Primeiro o noso!

Un señore de distinguido aspecto, e hierático empaque e que debía ser moi entendido, desde o asento d'a ventanilla onde iba, poñéndose en pe, e descubríndose gritou:

—¡Viva Galicia!

Casi todol-os viaxeiros respondimos ô viva i-eu añadín emocionado, cheo meu espírito d'unción e con voz sonora que domi-

nou o fragor da locomotora en marcha:

—¡Terra a nosall!

...A orquesta seguía tocando a *Alborada* inmortal.

ORTIZ NOVO

(Bibliotecario d'a Irmandade d'a Fala de Santiago.)

Pontevedra, Estío, MCMXVII.

REITIFICACIÓN

No derradeiro boletín ô publicáremos n-un entrefilet as Irmandades constituídas en Galicia, pasóusenos por outo a de Monforte, percisamente a que tanto loita pol-os nosos ideais, e que ten ô frente irmán de tanto valimento coma é o enxebre dos enxebres, D. Manuel Banet Fontenla.

Pregamos, pois, ôs irmáns monfortinos, disimulen ista falla involuntaria que nos doe na i-alma, é lembrense de qu'os temos e tivemos sempre, entr'os bós e xenerosos dos que falou Pondal.

CÁNTIGAS DA TERRA

Un fato de rapaces amigos de ruadas e de festas, quixo tamén mostrarnos que Galicia é un pobo dos máis líricos da terra. E recollendo un pouco do moito que hai de musical na aldea, porque ali todo é música e sonidos y-en todo hai algo que a cantar enseña, fixo espertar nas almas o dormido antusiasmo que en sí levan; tivo pr'o chau nativo o culto santo das nosas enxebrezas; puxo o seu patriotismo por enriba de total-as ideas; xuntóu ô seu carón algunhas xentes que saben ser gallegas, e así fundou o coro que esta noite ides aquí a escoitar por ves primeira. Bautizado ô nacer co nome meigo de *Cántigas da terra*, cantos d'él forman parte compren o seu deber, fôra modestia. Non veñen a cantarvos cousas novas; veñen a relembrarvos cousas vellas; veñen cantar a música aldeana, a música gallega que se canta de noite nos muiños, e se canta de día nas regueifas, e se sente no tempo das vindimas, e se oi nas espadelas, e sirve de solaz nos aninvos, e forma os algueiros das colleitas, e anima as esfoladas y-os fiadeiros, e sona sempre leda nas troulas dos magostos e dos mayos... música melosiña e solermeira que nos cantares de pandeiro brinca, e nos froleos da alborada enmeiga, e no alalalaa chora, e rí coma unha tola na muiñeira, e ten na gaita alegres repinicos cando o gaitero enxerga as doces melodías que tocadas na gaita a funcho cheiran, porque a gaita é o idílico estormento da vella raza céltica. Dentro do mesmo fol dormen, caladas, total-as nosas cántigas graleiras que ô despertar rebuldan no punteiro e rosmán no roncón, graves e serias. Si queredes que a gaita vos feitece e na alma se vos meta, ouvídea pol-os soutos, alá ô lonxe, debaixo das espesas ramalleiras, ô pe dos castiñeiros y-â veira das igrexas. A gaita na cibdá síntese estrana; a gaita quer a aldea;

quer correr e saltar pol-as congostas; ir pol-as foliadas y-as regueifas; meterse tolainiña por entr'as carballeiras; pararse nas trulladas, e andar coa mocedá de festa en festa, sempre de riandola. Como moza garrida e churrusqueira, a gaita quer millor ir pol-os campos descalza de pe e perna, que andar moi recomposta pol-as vilas, onde hai aínda quen se mofa d'ela cando vai pol-as ruas asustada co tamboril ô lado dando queixas. ¿Pra qué veñen estonces a cibdade as cántigas da terra? Veñen en son de paz, a ver si poden espertar na cibdá o amor á aldea, sin razón esquencida de todos cantos hoxe mangonean, de todos cantos poden amparala e todos cantos deben protexela; veñen ganar vontades pr'a cobizada redención gallega que ha de ser pedestal do noso adianto y-ha de darnos concencia do noso valemto pra entrar na ringla das naciós modernas. Xa que as vilas non queren ou non saben conquistal-as aldeas, deixádelle ás aldeas vir ás vilas co millor que de seu inda lles queda; co esas meiguíñas cántigas que pr'o seu gabamento inda conservan, como ningunhas doces, como ningunhas tenras, como ningunhas moles e graciosas, como ningunhas dondas e tristesiras; cántigas que de volta das romaxes son fonte de poemas e fonte de baladas que pol-as corredoiras andan ceibas con runxir de zanfona, e xeirar de pandeiros e ferreñas, e abouzar de aturuxos, e rezongar de copras garuleiras. Todo é n'elas poesía campesiña, tonadas populares das aldeas, que andan voando pol-os vals y-os montes como voan no campo as volvoretas... N'elas todo é armunias, e voz de sementeirias, e branca lus de lua, e anacos vivos das costumes vellas... Alma dos nosos eidos, as cántigas da terra teñen proer de cóxegas pro antusiasmo patriótico dos celtas

cando entre lusco e fusco sonan agasalleiras; teñen pra nós enxame de feitosos y-emoción de solermias; teñen pra cantos saben escoitalas e saben comprendelas os arrechouchamentos dos legrías y-as aformigaduras das tristezas: todol-os aloumiños d'esta mimosa terra que nos presta agarimos nas saudades e nos garda consolos pr'as ausencias. Ouvide eses cantares con agrado, c'un anaquiño de atención benévola; ouvídeos sin poñerlle mala cara, sin prevención xiquera, como se oi o que é noso, como se oyen os cánticos na igrexa. Si sabedes ouvilos con relixiosa devoción sinceira, veredes cómo a sangue vos corre a borbotóns pol-as arterias, e vos vai pol-o corpo dando pulos, e ô corazón vos chega, e vos entra na yalma, e se vos mete alá nas estrelas... ¡pra facervos sentir arroubamentos d'unha nunca sintida compracencia! Son cantares enxebres que dan a propia sensación da aldea a todos cantos saben ser gallegos de veras. Sin compostura algunha nos seus xiros, nin adornos, nin lerias, parece que nos falan de mozos que coas mozas parrafean, de foguetes que estoupan, de foliós que locen suas lumeiras. Asi como os compuxo nas horas melancónicas ou ledas a musa popular, alma dos pobos, así á nosoutros chegan nas aas da tradición, dados en dote dos pais ôs fillos por sagrada herencia. Conservar esa herencia con cariño y-aumentala e atendela, é un deber de gallega dinidade, un deber de patriótica concencia que todos temos de cumprir por forza, porque a todos tamén nós interesa. Son os cantares nosos, son as cántigas meigas que nos dan honra e sona, porque a onde van gabanzas recolleitan. ¡Son o tesouro musical da raza y-o patrimonio artístico da terra!

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

REXIONALISMO ACTIVO

A ASAMBREIA CATALÁ

CATALUÑA é un pobo con persoalidade propia. Vendo como ela se pon en xeito de falar como suxeto de sagros e rexuenece-dores dereitos diante da caduca España dos políticos de cubilete e pucheiro, ven-nos ó maxín o recordo da vara verdecente que nasce e medra, como unha ansea de vida, dende o cortizo de un vello castiñeiro, do que o corazón podrecéu i-está hoco e morrente. Cataluña é un lanzal brote da caracocha da España centralista.

Os parlamentarios cataláns pidiron ó Goberno a autonomía dos pobos peninsulares, i-eispresáronlle o noxo que á totalidade española dalle o réximen de agora, desacretado e posto en franco divorcio co-a alma do país, por vivire desabido da vontade das xentes, e crêr desnecesaria a xusticia no discernemento da vida oficial.

A primeira cousa que os cataláns demandaron, foi a xuntanza das Cortes, pra que poidese sere feita unha confesión de nugallas e malas fés, e pra que os representantes do pobo, alumados pol-o resprandore das insinanzas que xermolan da historia contemporánea, forxasen unha España redenta dos vergoñosos más que hoxe a tran ateigada de vicios.

O Goberno desgairóu a boa intención dos parlamentarios cataláns e negóu a inmediata xuntanza das Cortes; e inda máis, fixo restralar, como acenación de unha fusta, a afirmación de que tomará por cousa sediciosa, a Asambreia que os cataláns dicen de formaren pra estudio dos problemas patrios, sempre que as Cortes sigan dexuntadas.

Os nosos xuicios son de cote modestos, e, enriba, inda teñen agora de andaren temerosos do lapiceiro da censura; así que moi pouco podemos eispresar do que nos maximamos que é noso deber decir. Mais por eso, irémol-a andando, e ollaremos de meter n-unhos poucos verbes unha opinión que, fuxindo do nunca por nós tido medo, non-nos faga cair baixo do pau gubernamental.

Non nos pasma que o Goberno non queira as Cortes. N-o fondo da vida de istes días que alguén nos pon como exempro de cousas tranquilas, baixo ista capa de presións e censuras, baixo ista superficialidade de mar sin brúos, latexa un dilema moi grave pra o Goberno, dilema que se non rebate dende a *Gaceta*, como se non desfaí con

voces de mando a forza fondonísima de unha mareira enchente que remexe o corazón das augas i-é capás de tragar o mais forte barco, inda que sobre do mare non erga surrisas de escuma a máis maina bris. O dilema é o que sigue: Si o Goberno xunta as Cortes, cairá n-unha gran rota. Si dissolve o actual Parlamento e chama ás eleccións o pobo, ninguén sabe, nin en ningures hai

máis acordadas cos tempos de hoxe que os vellos unitarismos marca Felipe V.

Será porque o noso miolo é cousa ruín, mais non somos homes de enxergar por qué o Goberno lle llama sediciosa á Asambreia que queren formar os parlamentarios cataláns. Será unha xuntanza que non poderá enxendrar acordos obrigatorios, por non seren ístos á xeito pra poñérense á rexia sanción; pro, os parlamentarios pódense axuntar sin oficialidade, pra estudiaren probremas de interés patrio. O sacare a Constitución ó campo, parécenos algo impremeditado que fai á un se lembrare de que mellor fora haber tido n-a man o dito Código fundamental, pra non facer moitas cousas que se fixeron e que endexamais deberon pasar c'un bon Goberno amante do pobo.

Alá o Goberno. Nosoutros temos dô da felicidade patria e magóanos o esprito ver que España, a nosa venerada España, ten que vivir como si un houbese atopado n-un camiño restos de varios homes, e os metese n-un saco e se sentase derriba de eles, agardando que se xuntasen en nova vida, sin que houbese maneira de convencello, nin co mal cheiro da podre, de que á única maneira de que cada membro non morra, é deixalo vivir n-o seu, acordando a acción de todos, no desenvolvemento da lei natural, posta por Deus sobre o mundo como unha man de lus que foi arroxada, dempois da Creación da Terra, cal a semente e espaxada nos sulcos dos agros, pol-o brazo do labrego.

E non nos queda por decir outra cousa que o de que non é lícito pensar mal dos únicos homes que en España dan mostras de vital acerto, e o de que, da invitación dos cataláns, recollemos a parte que nos toca, e prometemos traballar, en nome do noso pobo, pol-o engrandecemento de Galicia e pol-a perfección de España, e non pol-a desperfección, facéndoa anacos, como dín, os enemigos do rexionalismo.

Desconocer ou querer deixar en esquecemento estas verdás, é o mesmo que darlle a espalda á razón e buscar na desxuntanza das enerxías naturaes o descaecemento da patria, única derivación posibre de botarlle as mans ô pescozo, á libertade.

Nosoutros crêmos que a alma do pobo, é incoersibre, e que tarde ou cedo ten de cumprirse a súa solición.

TRAS DO ARADO

I

*¡Outra volta ainda mais!—Volve, Gallardo;
tente ô rego, Cardón.*

*Nobres almallos meus, case ampeades
con tan brava labor.*

*Havvos dar da ferraña que fresquiña
colleron para vos.*

*Fire abafante o Sol, a terra é un forno
non se atura a calor.*

*Se é que o pan me dá Dios.—Dios mo perdóe
¡ben ganadiño foi...!*

II

*Mais ainda outra volta.—Za, Gallardo;
Vente ô rego, Cardón.*

*Parésceme que acoro, atafegado
co-a poeira e o suor.*

*Hei de fenderte, terra; has de ser miña;
hei de faguerte pô;*

hásme dar, das entrañas, pan pr'os fillos...

*Mentras na vida estou,
hei de sacarte os zumes canto poida,
¡que xa m'os sacarás a min despois!*

JOSÉ IGRESIAS ROURA.

quen seña home de sabelo; o que pode pasar traguido pol-os días videiros. Ante tan feras probabilidás, o Goberno lê o seu horóscopo e di: si vou ás Cortes, novas ou vellas, esbaláncome; si non quero Cortes ríxo en forma pisistrática. Y en calqueira dos dous modos, vou mal; pois daquela, fago o que me veña ben á mín.

E así vai o conto; así temos de ver pasar os días, envolveitos nós n-unha vida oficialmente pacífica.

Non crêmos acertado o xuicio do Goberno. Pra iste a vontade do pobo non debere sere o derradeiro, porque é de gran responsabilidade, facer un cárcere do legalismo pra que n-il morra como pranta sin sol, ético e apoubigado, o desexo que o pobo ten de rexuenerarse con novas normas

UN CORO GALEGUISTA MAIS

"CÁNTIGAS DA TERRA"

XA temos un coro mais. Ista agrupazón musicas, adicadas a sacare do esqüencemento os nosos cantos, que logo non cantaríanse nin na aldea por estaren ateigadas todas de cuplés e framenquismos levados nos pianos de veu, dinas son das maors gabanzas. Por meiazón d'istos coros, saberemos de alalás, rianxeiras, montanasas, foliadas e outros cantos galegos que na cibdá desconecíamos. Por meiazón d'iles, puidera sere—até o d'agora non foi—qu'ô tempo que van espertando o agarimo ôs cantares enxebres, esperten tamén o agarimo â terra.

Pra chegare a iso, é mester, perciso, fondamente perciso, qu'os rapaces que cantan nos coros, seian tan galegos cando cantan ou repersentan coma cando o non fan. Porcátense de qu'o aitor que tén, poñamos por exemplo, o papel de rei n'unha obra, tén que axeitárese tanto ô persoaxe que representa pra dal-a sensazón de tal ô púbrico, que pódese decire d'aquil aitor qu'aquila noite foi rei. Logo, si os rapaces dos coros sinten vocazón pol-as cousas galegas e galegos son iles, ¿por qué ô finárese a representazón musical ou literaria, deixan de selos pra trocárense en castelás? Decátense que teñen un púbrico ô que dend'o comenzo teñen-o pensando en galego, e si ô cael-pano e volvel-o a erguere, calqueira dos do coro dirixe unhos verbes ô púbrico en castelán, desfan-o efeito por compreto, coma desfaise no derradeiro coadro d'un drama cando queda un morto en escea, e ô sair a recibil-os aprausos cando erguen de novo o pano, aparecen de pé e dándose a man, morto e matadore... ¡Ou sere ou non serel

Mais saímonos do conto, e arrecademos fios e volvámonos a il. O novo coro que cõ nome de *Cántigas da terra* fixo a sua persentazón a derradeira somana, podemos decire qu'é un dos mais compretos e un dos millores qu'ouvimos por Galicia adiante. Persentáronse ô púbrico a derradeira somana e satisfeitos poden estaren do éisito qu'abrangueron. Bon gusto na seleizón dos cantares, e moita afinazón ô cantal-os. Sobor todo teñen un gaitero... ¡que val un Perú, que valla moitos cartos, moitos!...

Comenzou o festival cantando o himno de Pondal e Veiga a pano baixo, que ascoitado foi en pé pol-os nosos irmans qu'atopábanse n-un palco, e algunha qu'outra persoa mais, e perdóenos ista nosa siceiridade a prensa local. Entr'as moitas persoas que non erguéronse puideramos fitare a unha que tiña fonda obriga de faguel-o, tendo en conta o amore que dí ter a Galicia n-unha folla

qu'espallou i-espalla por tod'a rexón, onde pide que mándenlle ô seu lar ideas e probremas risoltos, pra dimpois il cõs traballos que lle manden redimire pol-a sua conta â nosa terra. Iste esmoleiro que quer chegare a rico en nomadía co-as esmolos que recolla, é MANUEL CASÁS FERNÁNDEZ, home qu'o parecer soio os gases feitos pol-a enchenta banqueteril na sua andorga, teñen a forza suficiente pra inflal-o e faguel-o erguer do asento. Digann'ôs discursos..

Rubido o pano, fixo a persentazón do coro o soísta do mesmo e irmán noso Don Alfonso Fraga, recitando unha fermosa poesía que publicamos n'outro lugare do boletín, orixinal do persidente do coro e noso bon irmán D. Eladio Rodríguez González. A millor gabanza que podemos faguer d'ila é a que fagan nosos leitores ô lêla.

Dimpois dou comenzo a primeira parte musical, sendo moi apraudidos en todol-os números, tendo que repetire algunhos e cantare outros fora de programa, com'aconteceulles na segunda parte.

No intermedio entr'as duas partes musicas, recitou o monólogo de Labarta Pose, *A festa de Tabeirón*, D. Xosé Teixeira, no qu'estivo moi acertado. Sojo notámoslle unha falla, fácale de correxire, i-é, que dend'os primeiros verbes que pornunciou notámoslle un acento castelán que desentoaba un pouco cõ idioma que falaba. Porcure falal-o galego a cotfo, e agoirámoslle chegará a sere un bon aitor, qu'aititudes non lle fallan.

Depois iste mesmo sifiore e noso irmán D. Venancio Deus, repersentaron un diálogo no que quedaron a grande outura, sendo moi apraudidos e gabados.

Terminado o festival, nosos irmans pidiron que cantaran o hino novamente, sendo compracidos; mais ô notare nosos irmans que o púbrico non seguía o seu exemplo de ascoital-o en pé, berraron: ¡Érganse, érganse!, e o púbrico todo, coma obedecendo a un máxico conxuro, púxose en pé. Ô dicire todo o púbrico, non pensen nosos leitores que o fixo tamén o *esmoleiro d'ideas*; porcatouse da que lle viña enriba, e marchouse antes... ¡Probiño! ¡Como habel-os... hainos!

O direttore da agrupazón, D. Mauricio Farto, pode sentire fonda satisfazón da sua obra, e reciba nosos siceiros parabens, que faguemos eistensivos ôs rapaces que a compoñen.

E por derradeiro, soio lles deseiamos que no segundo festival que farán o próisimo domingo, teñan un compreto éisito de taquilla, qu'ô artístico lévano co-iles.

NOVAS
DA
CAUSA

As nosas propagandas requiren, é ben certo, abnegación. Pro, ben evamos os sacrificios, porque nol-os deixan cobrar en satisfazóns as novas alentadoras que a cotfo temos do movemento rexionalista que xurde e se espande por toda Galicia. Dous feitos imos publicar, que teñen pra nosoutros todo o valór de un gran alento. Cando a semente cae en boa terra, da o xenio do mundo traballar os agros da propaganda.

* * *

De Mellid acabamos de recibir noticias que demostran que alí latexa un forte amor á Galicia. Un fato de rapaces, intelixentes, listos, espelidos, ô frente dos que está o simpático Andrés Rodríguez Martínez, adícase á pensar en rexionalista con toda a decisión que dan a concencia limpa e o corazón ateigado de bõs sentimentos. ¡Benias as nais que trouxeron ô mundo rapaces que teñen de seren homes dinos da patria en que son nãdos!

* * *

O ilustrado mestre de instrucción primaria, en Cereixo (Estrada) Sr. D'Outeiro Abelleira, ten mentes de dare unha cras semanal de idioma galego.

Non somos homes de gabar abondo ô Sr. D'Outeiro. Novas como a que il nos da fan no esprito unha impresión tan doce como un bico de nai. E cousa que nos ergue o corazón e nos fai xuntal-as mans pra apraudirmos, saber do proxecto de iste mestre, merecente de sere imitado por todol-os seus colegas galegos

Así se fai patria.

Moi ben, Sr. D'Outeiro, moi ben.

EN POCOS VERBES

O novo Alcalde da Cruña Sr. Puga Parga, tivo connosco a fina atención de nos ofrecere o cãrrego que moi acertadamente lle foi conferido.

Moito nos obriga o cumprimento do señor Alcalde, e devolvémosllo n-un saudo no que se eispresa a boa lei que lle temos.

* * *

O cultísimo catedrático do Instituto de Compostela Sr. Viqueira mandóunos exemplares de varias obras suas.

O sabido Sr. Viqueira mostra os seus fondos estudos, nos seguintes folletos: «Forma y color en el dibujo infantil», «¿Fue el Greco asigmático?», (traducido do orixinal escrito por David Kartz), «La enseñanza de la Psicología en las Universidades de Alemania», «Un nuevo factor de la memoria de identificación». «Em. Kant y la escuela filosófica de Marburgo», (traducido do orixinal alemán de Natorp).

Damos as máis comprimadas gracias ó ilustrado Sr. Viqueira, po-la distinción de que nos fixo ouxeto.

VELADA NECROLÓXICA

EN HONORE A ROSALÍA CASTRO

A nosa *Irmandade* celebrou onte á noite unha sintida velada necrolóxica en honore á impercedeira acordanza da eiscelsa Rosalía, con motivo do trixésimo segundo aniversario do seu finamento.

Tomaron participazón distintos irmans qu'en prosa e verso adicaron sentidos verbes ó seu escrarecido nome, que figura entr'os de primeira fila do noso Parnaso.

No próisimo boletín no que dispoñeremos de mais íspazo que n-iste, falaremos con mais lecer d'ista velada, que revisteu gran solemnidade.

Peneirando...

EVARISTO Correa Calderón, noso querido colaborador, un rapaz que loubamos xa n-outras ocasións, con moita xusticia, esquirbéu na *Idea Moderna* de Lugo, unha crónica nomeada *Poesía gallega*, na que estuda á Cabanillas d'unha maneira notabre.

Pra Correa Calderón, como pra nós, o autor de *Vento Mareiro*, é outo poeta da raza.

O alcalde de Lugo, Sr. López Pérez, sin necesidade d'Asambleas que sirvan de plataforma pra verter verbas que leva o vento deica Madrí—que é o que trátase d'amostrar—puxo á disposición da Sociedá de labregos d'aquíl termo, o campo de Montirón que lle pediron, pra establecemento d'unha estación gandeira e pr'o fomento e perfeioamento das industrias derivadas do leite.

O alcalde de Lugo que, sendo liberal, quixo renunciare o cárrago cando viñeron ó poder os conservadores, amostrando sua dinidá, opoñéndose tod'o pobo á renuncia, merece sere contrastado con outros que soyo deixan da sua labore... unha lembranza d'antroido, e «palabras, palabras, palabras.»

O P. Celestino Romero, pronunció un discurso en galego, n-unha festa de Santiago.

Ten xa esquirto moitos artigos en galego.

Eiquí tedes un home que se pode chamar rexionalista, sin que protestemos os bós e xenerosos.

Dinnos que un fato de galegos da Cruña esquirbíronlle ó Sr. Fraiz Andón, pregándolle gardara un lugarciño do moimento a Rosalía pra pôr alí unhas froles.

A «Irmandade da Fala» da Cruña, que olla con agarimo ise moimento e todol-os homenaxes que se lle fagan á Rosalía, é allea ó dito fato de galegos dinos de gabanza.

E allea tamén ás reconvencións que podan facérselles ós que non mandaron cartos millor que froles pra axudar a erguer aquil moimento.

Porque ben sabe o Sr. Fraiz Andón—o entusiasta propulsore da obra refrida—que os catalás indo do brazo da nosa Irmandade ofrecían cartos e díxoselles que non facían falla.

Como si os cartos catalás fosen menos enxebres que os de Romanones.

A Asamblea rexionalista, sin rexionalismo, que organizóu Picorete, ficará no fracaso, pesia cantos recramos se faga a sí mesmo aquil Xan Palome, nos xornás amigos.

Na prensa da rexión, non atopóu acolida a ideíña. Somentes *La Temporada* de Mondariz, un xornal de Compostela e outro d'Ourense, falaron do asunto.

Persoalidades de prestixio de toda Galicia algunhas d'elas hastra relacioadas con Picorete, protestan con cartas que conservamos, contra o ridículo feito de que un home soyo, por sí e ante sí, s'estrevese a falar no nome de Galicia enteira.

Dicfan que era o colmo da vanidade e da megalomanía.

E, Picorete, moi fachendoso, pro coidándose fracasado. E pidindo que lle manden temas á sua casa.

O censurar é facil, cousa doada. Algús que se chaman bós galegos din pol-as ruas que levamos mal camiño os que diriximos as cousas das Irmandades.

Pois que en vez de darlle á lingua, veñan dirixir. Deixarémolles o posto, pro axudándolles c'o mesmo entusiasmo e esprito de sacrificio con que agora diriximos. ¿Quérese mais nobreza?

O que censura ha termare de que non haxa porque censuralo á il.

Nos traballamos a cotío pol-a causa galega, con boa intención. Si imos trabucados,

veñase a aconsellarnos. C'os brazos abertos agardamos á todos.

En Pontevedra, o gran artista e irmán Castela na xuntanza d'outros enxebres, ven traballando pra organizare unha «Irmandade da Fala.»

Nos coidamos que os irmáns pontevedreses poñeráanse en relación estreita c'os admirabres rapaces galeguistas de Vigo, Xermán L. Roca, Indalecio Tizón, Moledo, etc., e c'os amigos de Porriño.

Hai que ire estreitando a rede...

¡Istes homes de Ourense...

De primeiras, pasan por auga o noso bon viño nazonalista deixando actuar de taberneiro lampantín á Picorete, como si este suxeto fose xente e non un criado mandado dos políticos centralistas, que pasa as santas ideas por baixo das borlas do seu bastón de *ex-mando*. Paréscentlles aínda pouco e rifaron connosco.

Dempóis, danlle un banquete á «Soria» e mais ó «Grilo» honrados membros das Reales Academias da Xesta e do Betún respectivamente, e esquécense de Picorete, campeón dos banquetes e homo banquetable, se é que os hai. Non saben ben o que se perderon; perderon un brindis de Picorete, dino de ser gravado no bronce do moimento que hai nos enxidos da Cruña adicada á D.^a Concepción Arenal e máis á don Manuel Casás.

Picorete faise o disimulado e anda dicindo que foi ben rogado pra ise banquete e que non acetóu porque lle fería a sua natural modestia. Somentes en privado dixo:

—Amoléi ós de Ourense.

—¿E logo?

—¡Non lles quixen comer!

Protestamos contra o *Protestamos de... La Provincia*, porque aínda non é eisi, como ela di agora.

CORRESPONDENZA ADEMINISTRATIVA

R. V.—Buen Beluso, 3 pesetas; A. M. R.—Vigo, 1'50; M. L.—Ferrol, 3; A. S.—Ferrol, 1'50; S. G.—Madrid, 0'50; J. N.—Mujía, 6; S. L.—Corcubión, 6.—H. B.—Muros, 6; E. G.—Vigo, 1'50; I. T. Vigo, 1'50; T. M.—Vigo, 1'50; X. R.—Vigo, 3; F. T.—Lugo, 5; S. C.—Santa Comba, 3; X. V. V.—Betanzos, 0'60 e 0'40 (xa se lle mandara o boletín); R. R.—Vigo, 1'50.—T. e F.—Ferrol, 1'50; M. L.—Ferrol, 1'50; L. A.—Ferrol, 1'50; C. R.—Ferrol, 3.

T. F. Veiga.—Cruña: ¿Por qué non ven pol-a redacción? De 8 a 10 da noite a cotío, pode falar con nosco. Non deixe de vire, qu'homes coma vosté fannos moita falla.

Nota.—Por falla d'ispazo, até o próisimo boletín non podemos publicar alguns xiros máis que recibimos.

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

A PAPELEIRA GALEGA

Estabrocimento de primeiro orde
pra faguer traballos tipográficos

**FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL**

Barreira, 7

A CRUÑA

BALDOMIR

Pôrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE** ductos, empregade o
Pedide prezos e condiciós ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

FERROL

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazóns, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

VIÑOS BRANCOS E TINTOS

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

Pedidos: **W. LOSADA**

HOTEL CONTINENTAL

Os "Previsores do Porvir"

SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 42 milloes de pesetas de aforro en doce anos

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

Para á Habana, Veracruz, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.